

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión extraordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 26 de xuño de 2023 na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo e na Sala Manolo Ramos do Edif. Ernestina Otero, que poden ser do seu interese:

- * Aprobación da conta de liquidación definitiva 2022 para o seu trámite no Consello Social.
- * Aprobación dunha solicitude de incorporación con cargo ao remanente de libre disposición do exercicio 2022 para a realización dun programa de investigación a través do centro Ramón Piñeiro de Investigación en Humanidades, para o seu trámite no Consello Social.
- * Aprobación da proposta de Gobernanza para o Campus Auga.

O secretario xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.